



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

JOSE IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

Xustificación documental do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos, no acto de concesión de todas as subvencións públicas concedidas pola Deputación Provincial de Ourense á asociación sen ánimo de lucro, 'Emprende Ourense', desde o ano 2003 ata a actualidade, xa que é un acto obrigatorio do beneficiario ou entidade colaboradora no que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento destas esixencias, segundo determina a Lei 38/2003.

En Ourense, a 23 de xullo de 2019

Asinado: José Ignacio Gómez Pérez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdegpsoedepourense.es
socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGdeOurense

Twitter: @PSdeGDepOU

En contestación á solicitude de data 3 de abril de 2013, con nº de rexistro de entrada 7765, en relación coa seguinte petición “cuestións formuladas con números de rexistro 2343,2344,2345 e 2346”, infórmolle que a resposta as súas solicitudes foi remitida con data 21 de febreiro de 2013 (nº de rexistro saída 2721) .

En todo caso vostede é libre de emprender todas aquelas accións que considere oportunas.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 15 de abril de 2013

O PRESIDENTE

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco

DON JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo do PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.